



## **RESOLUCIÓN da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes pola que se outorga a concesión do Complexo Náutico e Campo de Regatas David Cal en Verducido, Pontillón do Castro - Pontevedra, a favor da Federación Galega de Piragüismo.**

Conforme ao establecido no Estatuto de Autonomía de Galicia aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril (BOE do 28 de abril), a Comunidade Autónoma galega asume a competencia exclusiva na materia da promoción do deporte (artigo 27.22), competencia que é desenvolvida pola Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia (DOG do 13 de abril).

No exercicio desta competencia, e no concreto ámbito das infraestruturas deportivas, a Xunta de Galicia proxectou e executou a obra de construción do Complexo Náutico e Campo de Regatas David Cal en Verducido, Pontillón do Castro - Pontevedra, co obxecto de destinarse á formación, preparación e especialización dos deportistas galegos da modalidade deportiva do piragüismo.

Para o máis adecuado desenvolvemento dos procesos de aprendizaxe, tecnificación e rendemento deportivo en Galicia na modalidade deportiva de piragüismo, é necesario contar, no Complexo Náutico e Campo de Regatas, cunha fórmula de xestión e mantemento que optimice o seu máximo rendemento de uso, onde se garanta un contexto idóneo para o desenvolvemento dos deportistas no terreo deportivo, pedagóxico, técnico, e en xeral, de todas as condicións que inciden na mellora da práctica deportiva.

Así mesmo, faise necesario optimizar o centro en beneficio tamén doutras modalidades deportivas como a natación, o triatlón, a vela, e outros deportes náuticos olímpicos/paralímpicos ou non olímpicos/non paralímpicos, que poidan enriquecerse co uso desta instalación náutica en beneficio do crecemento e desenvolvemento do deporte en Galicia.

Para unha maior visibilidade e promoción do deporte galego dentro e fóra da nosa comunidade autónoma, precisase que este campo de regatas estea en perfecto estado, non soamente para o desenvolvemento da actividade deportiva e competicións deportivas autonómicas, senón como sede para albergar nela campionatos nacionais e internacionais en diferentes modalidades deportivas, impulsando o deporte galego e promovendo Galicia como destino deportivo.

O artigo 38 da Lei 6/2023, do 2 de novembro, de patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia prevé que o uso privativo dos bens de dominio público require o previo outorgamento dun título habilitante: concesión ou autorización. O artigo 40.1.b) da citada norma establece que cando a ocupación se efectúe con obras ou instalacións fixas ou por un prazo inicial superior a catro anos, estará suxeito a unha concesión.

O artigo 46.1 da Lei 6/2023 permite a posibilidade de adxudicar concesións de maneira directa nos supostos previstos no artigo 103.2 da citada norma. O artigo 103.2, letra b) establece como suposto de adxudicación directa cando quen o adquira sexa unha entidade sen ánimo de lucro, declarada de utilidade pública.

Pola súa banda, segundo o artigo 48.1 da Lei 6/2023, a competencia para outorgar autorizacións e concesións sobre bens e dereitos do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia que non veña especificamente determinada por unha norma con rango de lei, correspóndelle á persoa titular da





consellaría á que se encontren adscritos ou ao órgano unipersonal de goberno da entidade pública instrumental titular ou á que se encontren adscritos os bens ou dereitos.

O artigo 51 da Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia sinala, entre outros extremos, que as federacións deportivas son entidades privadas sen ánimo de lucro, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, cuxo ámbito de actuación esténdese ao territorio da Comunidade Autónoma, que exercen, ademais das funcións propias do seu ámbito de actuación privada e en virtude da presente lei, as funcións delegadas que se recollen no artigo 56.4. Asemade, e en virtude do disposto no artigo 51.5 da mesma norma, soamente se pode recoñecer unha federación deportiva por cada modalidade deportiva. O artigo 53.3 da mesma lei establece que as federacións deportivas galegas terán a consideración de entidade de utilidade pública.

A Orde do 12 de xuño de 2024 sobre delegación de competencias na Secretaría Xeral Técnica e noutros órganos desta consellería, no seu artigo 4º delega na persoa titular da Secretaría Xeral Técnica as competencias en materia de xestión patrimonial.

Por resolución do 10 de xullo de 2017 da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, outorgouse a concesión da instalación á Federación Galega de Piragüismo, por concorrer o suposto previsto no artigo 40.5 da Lei 5/2011, do 30 de setembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia.

O 10 de agosto de 2017 asinouose o correspondente convenio entre a Secretaría Xeral para o Deporte e a Federación Galega de Piragüismo, como o documento administrativo de formalización de dita concesión administrativa, cunha duración de 5 anos prorrogables por períodos sucesivos de 5 anos, ata un máximo de 75 anos.

O convenio non se prorrogou nin consta a renuncia de ningunha das partes, polo que, na actualidade, a Federación Galega de Piragüismo leva a cabo a xestión e mantemento das instalacións en precario.

A Federación Galega de Piragüismo está interesada na nova concesión, presentando a solicitude e documentación indicada no artigo 50.2 da Lei 6/2023, de 2 de novembro, relativo ao procedemento para outorgamento directo de autorizacións e concesións e que se acompaña co expediente. Esta solicitude, de data de 6 de febreiro de 2026, e núm. de entrada no Rexistro da Xunta de Galicia 2026/334807.

De acordo co artigo 94 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, de patrimonio das administracións públicas, e co artigo 47 da Lei 6/2023, do 2 de novembro, do Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, a Federación Galega de Piragüismo declara que non concorre ningunha das prohibicións de contratar reguladas na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014. que imposibilitarían que esta desempeñase a condición de titular dunha concesión demanial.

No caso de que posteriormente ao outorgamento da concesión a titular incorra nalgunha das prohibicións de contratar, producirase a extinción da concesión.



Corresponde á persoa titular da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes a competencia para resolver este procedemento, por delegación do conselleiro, consonte ao establecido no artigo 4 da Orde do 12 de xuño de 2024, sobre delegación de competencias na Secretaría Xeral Técnica e noutros órganos desta consellería. (DOG núm. 117, do 18 de xuño).

Bases legais:

- Lei 6/2023, do 2 de novembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia
- Normas básicas da Lei 33/2003, do 3 de novembro, de patrimonio das administracións públicas e do seu regulamento, aprobado polo Real Decreto 1373/2009, de 28 de agosto.
- Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia.

En consecuencia, visto o informe-proposta de concesión da Secretaria Xeral para o Deporte de data 4 de marzo de 2026 e de acordo cos informes favorables da Subdirección Xeral de Patrimonio da Consellería de Facenda e Administración Pública de data 11 de marzo de 2026 e da Asesoría Xurídica de data 6 de abril de 2026

## RESOLVO

1. Outorgar unha concesión demanial á Federación Galega de Piragüismo con NIF G36040764 sobre as instalacións do Complexo Náutico e Campo de Regatas David Cal en Verducido, Pontillón do Castro – Pontevedra coa referencia catastral 002200200NH30E0001UD.
2. Acordar o outorgamento directo da concesión por concorrer o suposto previsto no artigo 46.1º da Lei 6/2023, do 2 de novembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, en relación co artigo 103.2 letra b) por ser a federación deportiva unha entidade sen ánimo de lucro, declarada de utilidade pública.
3. Establecer a gratuidade da concesión, de acordo co establecido no número 4 do artigo 46 da Lei 6/2023, posto que se establece que a xestión teña un alcance deportivo e formativo e carácter gratuíto, sen prexuízo da posibilidade eventual de alugar as instalacións para outros eventos ou actividades con autorización da Secretaría Xeral para o Deporte
4. Determinar que a concesión se rexa polas seguintes condicións que deberá cumprir a Federación Galega de Piragüismo:
  - a) A subscrición dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que cubra os riscos fronte a terceiros inherentes ao uso da instalación e calquera outra responsabilidade contractual ou extracontractual derivada da mesma.





- b) A subscrición dunha póliza de seguro para a instalación e o material titularidade da Xunta que cubra os risco de uso, danos e roubo, polo valor do inmovible.
- c) A xestión, conservación, defensa, mantemento, mellora e o bo uso dos bens adscritos, sen alterar a súa titularidade.
- d) O pagamento dos gastos de uso, funcionamento, conservación, mantemento e calquera outro derivado da súa utilización, incluíndo impostos, taxas e demais tributos que se deriven do inmovible, así como os gastos das actividades que se desenvolvan no complexo que lle correspondan e os demais custos asociados ao uso do inmovible durante a vixencia da concesión, asumindo o pago do IBI do mesmo.
- e) A utilización da instalación segundo a súa natureza e a entregala polo menos no estado no que se recibe, mantendo en bo estado de conservación o dominio público utilizado e as obras e instalacións.
- f) A solicitude e obtención das licenzas, permisos e autorizacións que requira o uso da instalación e dos seus bens e das actividades que se desenvolvan no complexo.
- g) A asunción da responsabilidade das actividades que se realicen na instalación, cumprindo coas obrigas de natureza laboral, civil, tributaria ou doutro tipo que poidan implicar, sen que supoña en ningún caso, relación directa ou subsidiaria coa Xunta de Galicia ou responsabilidade algunha para esta última.
- h) A facer constar expresamente en toda a información ou documentación propia das actividades alí desenvolvidas a colaboración da Secretaría Xeral para o Deporte, acompañada do logo de "Deporte Galego".
- A rotulación co logotipo deberá permanecer inalterada, non podendo inserirse ningún outro rótulo ou publicidade sen a autorización expresa por parte da Secretaría Xeral para o Deporte.
- i) A inclusión, na páxina web da Federación Galega de Piragüismo, dun enlace ao Complexo Náutico e Campo de Regatas David Cal en Verducido, Pontillón do Castro – Pontevedra no que se informe dos usos, a normativa, programas, actividades, horario, de forma actualizada.
- j) A permitir e facilitar á Secretaría Xeral para o Deporte o seguimento, control e inspección das actividades desenvolvidas nestas instalacións así como das actuacións derivadas da xestión e o mantemento.
- k) A reservar un uso preferente á Secretaría Xeral para o Deporte para as actividades promovidas pola mesma ou mediante acordos con terceiros.
- l) A reservar un número non inferior a 10 asentos no palco de presidencia ou lugar preferente en todos os eventos que se celebren na instalación para a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.





- m) A incorporar no inventario do Complexo Náutico e Campo de Regatas David Cal en Verducido, Pontillón do Castro – Pontevedra todo o material (deportivo ou de equipamento) adquirido pola federación para a instalación deportiva.
- n) A non ceder o uso dos bens nin do complexo sen a aprobación previa da Secretaría Xeral para o Deporte.
- ñ) As actuacións a realizar pola federación en virtude da presente resolución en ningún caso supoñen autorización para a realización de obras de adecuación, mellora, estruturais ou de calquera outro tipo no Complexo Náutico e Campo de Regatas David Cal en Verducido, Pontillón do Castro – Pontevedra.
- o) Á extinción da concesión, os espazos obxecto da mesma con todas as súas instalacións e obras, reverterán na Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, sen que o concesionario teña dereito á percepción de contraprestación algunha pola reversión.
- p) O período de duración desta concesión será de trinta (30) anos contados a partir da sinatura do documento administrativo de formalización da concesión, sen posibilidade de prórroga, de conformidade co artigo 46.3º da Lei 6/2023, do 2 de novembro do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia. Son causa de extinción desta concesión as establecidas no artigo 55 da dita Lei.
- q) Unha vez transcorrido o prazo máximo da concesión, o concesionario deberá abandonar e deixar libre e á disposición da Comunidade Autónoma de Galicia as instalacións. En caso contrario, a Administración autonómica terá a potestade de acordar e executar por si mesma o lanzamento.
- r) En caso de rescate anticipado da concesión, a Federación Galega de Piragüismo será indemnizada polos quebrantamentos materiais xurdidos pola extinción anticipada. O rescate deberá estar baseado nunha circunstancia sobrevida de interese público.
- s) A concesión non implica cesión do dominio público, obrigándose o concesionario a non traspasar ou ceder mediante calquera negocio xurídico, en forma ningunha, os dereitos inherentes a esta concesión.
- t) O incumprimento das cláusulas da concesión dará lugar á incoación do correspondente expediente sancionador de conformidade co disposto nos artigos 231 e seguintes da Lei 6/2023, do 2 de novembro do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, ou normativa que a posteriori os substitúa ou de preferente aplicación.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes

P.D. (Orde do 12 de xuño de 2024 , DOG núm. 117 do 18 de xuño)

O secretario xeral técnico

Francisco Javier Abad Pardo

